



25 DE NOVIEMBRE: VALDOVIÑO coa eliminación das violencias contra as mulleres

Cada 25 de novembro debe ser marcado no calendario social e político, como data clave para reivindicar e posicionarse con firmeza, manifestando sensibilidade e compromiso para a eliminación das violencias contra as mulleres.

Non cesa, nunca deixa de acontecer, en tempos modernos esta lacra segue presente dun xeito aterrador e perverso, disfrazado de comportamentos respectuosos que seguen a ser igual de machistas, controladores e violentos. Os mitos do amor romántico seguen a transmitir mensaxes erróneas á mocidade, e a normalización da violencia social xeral tapa e fai relativizar aqueles casos que teñen de fondo unha cuestión de xénero. Tamén observamos como o ámbito rural segue a ser un contexto que acolle grande número de casos, e a tendencia á centralización das actuacións sociais nos espazos urbanos provoca un cambio de foco, co risco de caer na desatención prestada a esas mulleres silenciosas e silenciadas.

O traballo desde o ámbito xurídico, educativo, social e político debe encamiñarse cara a proxección dunha realidade xusta e igualitaria, bisbar un futuro onde o baleiro non ocupe espazo, onde os nenos e nenas de hoxe, sostén do mañá, poidan vivir nunha comunidade con garantía do dereito a ser e estar de igual xeito, e a vivir desde a expresión das súas ideas libres de influencias retrógradas.

O traballo sociocomunitario debe contar coas medidas políticas que xeren contextos igualitarios, pedagóxicos, onde as persoas poidan desenvolverse, con ansia de formarse, de opinar, de saberse escoitadas, de participar e de absorber aires cultos, tal e como manifestou a poeta Luz Fandiño desde o seu desexo de forza e reivindicación *"A miña loita é que os mozos e mozas non pasen fame de comida nin fame de ler"*.

Desde o programa municipal de igualdade e prevención de violencias machistas "Somos e contamos" planifícase unha programación socioeducativa anual con diferentes actuacións, de carácter máis directo ou indirecto, co obxectivo de incidir na educación das nenas e nenos, na sensibilización consciente das familias, na obriga dos axentes profesionais e comunitarios e na responsabilidade política.

A linguaxe inclusiva na documentación e comunicación municipal, as imaxes na publicidade, os tempos de conciliación, os espazos comunitarios, a biblioteca, a programación cultural, as actividades para familias, os proxectos para infancia e mocidade... todas e cada unha das actuacións están enfocadas a construír unha comunidade máis preparada e igualitaria.

Desde o Concello de Valdoviño mantemos o compromiso, a nivel estratéxico e económico, de seguir apoiando o traballo do persoal técnico na loita para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a erradicación dos comportamentos machistas, co fin de facer de Valdoviño un lugar mellor.

Valdoviño, 18 de novembro de 2021

A CORPORACIÓN MUNICIPAL

*“SOMOS E CONTAMOS”, PROGRAMA MUNICIPAL DE IGUALDADE E PREVENCIÓN
DE VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES.*